



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**



SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 26 /2019

CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA REGULAR A IMPLICACIÓN E PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO DO GRAO MEDIO EN INSTALACIÓN E AMOBLAMENTO DO IES CALVO SOTELO, NA REALIZACIÓN DUNHA ANÁLISE SOBRE AS NECESIDADE E SOLUCIÓNS DE DESEÑO E MOBILIARIO PARA AS NAVES DO METROSIDERO DENTRO DO “PROXECTO NAVES DO METROSIDERO”, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL 2016-2019, ANUALIDADE 2018

En A Coruña, a 26 de marzo de 2019

REUNIDOS

Dunha parte Don José Luis García García, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude da RP 2015/15671 de 27 de xullo, modificada pola RP 2015/16642 de 30 de xullo, e pola RP 2015/29081 de 23 de decembro.

Doutra parte Dona Claudia Delso Carreira, en representación do Concello de A Coruña.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

MANIFESTAN

O interese coincidente entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello da Coruña en vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa mellora da formación, das capacidades persoais e profesionais, a empregabilidade e o fomento do espírito emprendedor entre a mocidade, así coma a necesidade de dispoñer de espazos públicos abertos e colaborativos como aspectos fundamentais para paliar a falta de oportunidades e as dificultades da xente nova á hora de emanciparse e iniciar unha vida plena e autónoma.

Neste sentido, o Concello da Coruña está a desenvolver o proxecto “Naves de Metrosidero”, un proxecto que ten como obxectivo dotar á mocidade dun espazo de referencia, un espazo que aposte pola mocidade como suxeito activo, empoderado e protagonista.

O proxecto consiste na reforma e rehabilitación das Naves de Metrosidero, ubicadas no antigo complexo da Comandancia Militar de Obras, para convertelas nun espazo de traballo aberto e colaborativo coa mocidade, un espazo plural, diverso e inclusivo para a mocidade da cidade, da área metropolitana da Coruña e da provincia en xeral, un espazo accesible e facilitador para fomentar que a xente moza poida desenvolver as súas inxerencias creativas, produtivas, de investigación, de aprendizaxe e formación e lúdicas, así coma avanzar naquelas competencias fundamentais para o seu desenvolvemento persoal e profesional, como son a creatividade, o tecido de relacións sociais, a innovación, o traballo colectivo, a toma de decisións, a análise de contextos complexos ou a procura de recursos, entre tantas outras competencias que se adquiren na participación colectiva.

Esta iniciativa municipal prantexa a creación dun centro de “xestión plural” partindo do aproveitamento dun espazo en desuso que ofrece múltiples posibilidades de cara a convertelo nun espazo de referencia para a xuventude, nunha equipación pública diversa, plural e inclusiva para que a xuventude poida estar, coñecerse e recoñecerse, sentirse parte, crear e desenvolver colectivos en torno aos mesmos intereses, organizar programas, proxectos, actividades, etc. Un lugar no que desenvolver inquietudes creativas, de investigación, de aprendizaxe e lúdicas tanto a nivel individual como colectivo.

Para a definición do espazo e determinar os seus usos futuros, o Concello da Coruña puxo en marcha un exitoso proceso de participación cidadá para debater acerca das moitas posibilidades que ofrecen as tres naves que se están a reformar así coma as fórmulas de xestión máis axeitadas, en definitiva, un traballo conxunto para definir cales deben ser as características concretas de cada un dos espazos e o modelo de xestión para posibilitar un uso polivalente e diverso pero á vez integrador.

O espazo será concebido como unha equipación pública cidadá, cun sistema de xestión plural no que convivirán servizos municipais, programacións e actividades públicas, un equipo de dinamización propio e espazos de auto-xestión e actividades organizadas por entidades xuvenís, colectivos informais e/ou pola propia mocidade usuaria. Un espazo aberto 365 días ao ano e sete días á semana, nun horario flexible e adecuado para o público ao que se vai dirixir e as actividades que está chamado a acubillar.

En definitiva, as Naves de Metrosidero serán un espazo que da resposta a unha demanda recorrente da xente nova e tamén das familias non só da cidade da Coruña, senón tamén da área metropolitana e provincia, de contar con espazos axeitados nos que poder estar, compartir inquedanzas, practicar deporte, formarse, compartir, intercambiar, experimentar, producir, aprender e emprender nun espazo de referencia coas características que a mocidade precisa para sentirse cómoda.

O espazo estará dotado de espazos interiores e exteriores que posibilitarán un uso polivalente e diverso pero á vez integrador. Cada unha das tres naves que conforman o conxunto do proxecto terá unha natureza distinta coa vontade de confluir nos espazos comúns de convivencia e integración.

O espazo consta de tres Naves, unha das cales será destinada a Deportes Urbanos, outra terá usos polivalentes e a outra estará destinada a espazos de oficinas e espazos de reunión e encontro. O espazo do invernadoiro será un espazo para estar, un espazo de relación social e integración ao igual que os espazos exteriores.

Asimesmo, a Deputación da Coruña está a xestionar no presente mandato, o Plan de Emprego Local (PEL) 2016-2019 como instrumento fundamental da estratexia provincial polo emprego, que está a implementar a través de diversas liñas de actuación, accións de apoio ao emprendemento e o fomento do emprego na provincia en colaboración con outros concellos e entidades, e en concreto, o fomento do emprego xuvenil e dende a escola, a través de proxectos cofinanciados polo Fondo Social Europeo e convenios de colaboración específicos con outras entidades de interese público e social, así como a creación de espazos de traballo colaborativo para o apoio á creación de emprego e a xeración de riqueza do tecido produtivo provincial.

Neste sentido, os fins e obxectivos do proxecto “Naves do Metrosidero” do Concello da Coruña e os obxectivos do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña, conflúen na necesidade de contar con espazos axeitados de traballo que fomenten a colaboración, a participación e o intercambio de coñecementos, así coma a importancia da colaboración entre administracións para acadar políticas activas dirixidas á mocidade, co obxecto de incrementar as súas oportunidades de desenvolvemento persoal e profesional e reducir a desigualdade.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello da Coruña ambas as dúas partes,

ACORDAN

No ámbito das súas competencias, a sinatura do presente convenio de cooperación para regular a implicación e participación do alumnado do Grao Medio en Instalación e Amoblamento do IES Calvo Sotelo, na realización dunha análise sobre as necesidades e solucións de deseño e mobiliario para as naves do Metrosidero dentro do proxecto “Naves do Metrosidero”, de acordo coas seguintes BASES:

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer os termos da cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña, para a implicación e participación do alumnado do Grao Medio en Instalación e Amoblamento do IES Calvo Sotelo, no proceso de análise de necesidades e solucións, achega de ideas e deseño e construción de prototipos de mobiliario para as Naves do Metrosidero.

Segunda.- Actuacións a desenvolver

A sinatura deste convenio non supón achega provincial algunha, tan só implica a cooperación para o desenvolvemento das actuacións correspondentes ao deseño e construción de prototipos de mobiliario e ás actividades de coordinación entre o Concello da Coruña e a Comunidade Educativa do Calvo Sotelo para o desenvolvemento das accións de deseño e construción de prototipos.

Terceira.- Medios humanos e materiais

Todas as actuacións rexeranse polos principio de calidade, eficacia e eficiencia, e serán levadas a cabo cos medios humanos que forman a Comunidade Educativa do Calvo Sotelo, en concreto o alumnado do Grao Medio en Instalación e Amoblamento que será o encargado do deseño e contrución de prototipos de mobiliario; unha persoa ben nomeada polo Concello da Coruña, ben pola entidade provincial, que exerza as tarefas de coordinación entre entre o Concello e a Deputación e que sirva de interlocutora entre o Concello da Coruña e o IES Calvo Sotelo; e un titor ou titora do centro IES Calvo Sotelo que planifique, supervise e dirixa os traballos a realizar polo alumnado de acordo coas directrices establecidas pola persoa coordinadora e que sirva de interlocutora entre o IES Calvo Sotelo e o Concello da Coruña.

En canto aos medios materiais para o desenvolvemento dos traballos de deseño e construción dos prototipos, estes serán aportados pola Deputación da Coruña, procedendo á súa provisión consonte ao previsto na lexislación reguladora de contratos do sector público.

Sendo un dos fins deste convenio a eficiencia na cooperación que se establece entre o Concello da Coruña e a Deputación da Coruña, procurarase a coordinación das actuacións a desenvolver para evitar en todo momento retrasos indebidos, inadecuación no deseño e construción dos prototipos á liña deseñada para o conxunto do espazo, etc.

Cuarta.- Lugar de reunións

As reunións entre a persoa que exerza a coordinación dos traballos a realizar e o titor ou titora responsable da axeitada realización dos mesmos, terán lugar no centro IES Calvo Sotelo, e cunha periodicidade mínima mensual, durante o período de vixencia do presente convenio.

Quinta.- Realización dos traballos e almacenamento de material.

A realización dos traballo de deseño e construción de prototipos de mobiliario, será nas dependencias do Calvo Sotelo, podendo facer uso das aulas e obradoiros dispoñibles sen que isto entorpeza o normal funcionamento do centro nin o desenvolvemento do proxecto educativo e a súa programación.

O almacenamento do material que se empregará na construción do mobiliario, será almacenado nas instalacións que o Calvo Sotelo destine habitualmente para tal fin.

Sexta.- Duración.

O presente convenio de cooperación terá efecto dende a sinatura do mesmo e ata o 30 de abril do 2020. Para o caso de que non estiveran rematados os traballos no prazo inicialmente previsto, poderá prorrogarse por acordo expreso das partes anualmente, sen que en ningún caso poida exceder de catro anos.

Sétima.- Inicio da colaboración

Unha vez asinado o presente protocolo convenio por ambas as dúas partes, a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña, determinarán de mutuo acordo a apersoa que exercerá as labores de coordinación e interlocución entre ambas as dúas entidades para o correcto desenvolvemento dos traballos, e a persoa pertencente á Comunidade Educativa do IES Calvo Sotelo que exercerá de titor/a e de interlocutor/a entre o centro e o Concello da Coruña.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia núm. 8630 de data 7 de marzo de 2019.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN P.D., O DEPUTADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO A REPRESENTANTE DO CONCELLO DA CORUÑA

Asdo.: JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA

Asdo.: CLAUDIA DELSO CARREIRA

O SECRETARIO
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA